

INFANCIA VIVIDA, INFANCIA CONSTRUIDA
Unha aproximación aos imaxinarios da nenez pontevedresa
do primeiro terzo do século XX

Lived infancy, constructed infancy

DIANA VILAS MEIS - ÓSCAR RODRÍGUEZ GARCÍA *

Licenciada en Historia del Arte

Profesor de Ensino Secundario (I.E.S. Monte da Vila, O Grove)

Recibido: 16/11/2012
Aceptado: 14/05/2013

Resumen:

A finalidade deste artigo é indagar na realidade condutual da nenez pontevedresa do primeiro terzo do século XX, contrastando esta aproximación coa imaxe sobre a infancia que ofrecen diversas estratexias discursivas en función do seu ideario, nas que podemos recoñecer distintos valores, obxectivos educativos, esixencias e expectativas cara os cativos.

Palabras clave: infancia, nenez, imaxinario, representación, actitude, conduta.

Abstract:

The purpose of this article is to investigate in the behavioural reality of Pontevedra infancy in the first third of the XXth century, contrasting this approximation with the image about children that different discursive strategies offer depending on their ideology, in which we can recognize different values, educational aims, requirements and expectancy towards the childhood.

Keywords: Infancy, childhood, imaginary, representation, attitude, conduct.

* E-mails: esmorgha@gmail.com y osroga@edu.xunta.es

1. O neno como suxeito histórico

“A infancia ten as súas propias maneiras de ver, pensar e sentir; nada hai máis insensato que pretender substituílas polas nosas”. (J. Jacques Rousseau)

Os últimos derroteiros da historiografía, coas achegas da demografía histórica, da historia da educación, da familia, ou das relacións de xénero, permitiron aos nenos convertírense en posibles suxeitos de estudos históricos, que pasaron de ser unha categoría social invisible a unha visible. A infancia, en tanto que obxecto da análise histórica, débese considerar un suxeito tanxíbel encadrado dentro dun marco familiar e social concreto que proxecta sobre o mesmo os seus intereses e expectativas de futuro, o que convirte ao neno nun ser á vez real e imaxinario, portador de significados e de ideoloxías.

Neste senso, primeiramente debemos distinguir entre actitudes e condutas, é dicir, a expresión externa dun valor en termos normativos ou convencionais, e a súa vivencia íntima¹. O primeiro dos enfoques –a historia sobre a infancia– consiste nun achegamento extrínseco á nenez que ten como protagonistas os imaxinarios sobre a mesma dende as institucións ou organismos oficiais, é dicir, proporciona a visión que os adultos constrúen dos nenos, tendo como resultado unha “observación de observacións”; mentres por outra banda, unha historia dos nenos require de fontes directas como os diarios, correspondencia, ou memorias entre outras, pouco numerosas e obtidas de maneira transversal, pero que en todo caso permiten un coñecemento do neno como suxeito histórico.

Podemos afirmar porén, que o concepto de infancia non permanece inmutable e ten unha historia. Nas presentes liñas trataremos de dilucidar unha pequena parte da mesma, centrando o noso artigo na reconstrución dos imaxinarios ou representacións sociais da nenez na provincia de Pontevedra durante o primeiro terzo do século XX, un período de lenta modernización que alumea unha nova imaxe de neno, resultado dunha maior preocupación pola protección física e moral do mesmo.

Partindo da noción de infancia como construción histórica de significados, analizamos algúns discursos –fotografías² e ilustracións da época, artigos de prensa, regulamentos, circulares e expedientes de institucións de beneficencia, así como documentación legislativa e publicacións especializadas– pertencentes a distintas liñas ideolóxicas, que contribuíron a xerar imaxes disímiles da nenez no marco

1 Cf. CUNNINGHAM, H. (2005): 3-17.

2 Do repertorio gráfico analizado cabe destacar o de Ruth Matilda Anderson, encadrado na Galicia do marco cronolóxico que comprende a nosa investigación. Vid. ANDERSON, R. M. (1998).

temporal e xeográfico proposto. Alén disto, nas redefinicións destes arquetipos no decurso dos anos puidemos advertir constantes e anovacións vencelladas a estas orientacións morais discordes, que pretendemos cotexar –nunha pescuda máis profunda- coa experiencia condutual dos nenos a través de entrevistas e autobiografías, un aporte que consideramos esencial para o noso cometido. Con todo, non debemos perder de vista que estas estratexias discursivas agochan non só unha concepción particular do papel e condición do neno, senón tamén unha visión –real ou ideal- da propia sociedade no seu conxunto.

2. “*El siglo del niño*”. Leccións de moral e urbanidade

España –coma o resto de Europa- a principios do século XX viu emerxer unha serie de cambios socioculturais que, progresivamente, modificaron os costumes e tradicións, e influíron na consideración do neno³, pero como se concibía a nenez e o seu mundo dende as *voces autorizadas*? Tratados médicos, de urbanidade ou de moral, entre outros, permítennos reproducir o *discurso formal* sobre a infancia nun marco político, social e cultural máis amplo, que repercutiría en maior ou menor medida nos límites espazo-temporais que acoutamos para o presente artigo⁴.

O neno chega a adulto mediante un lento proceso de aprendizaxe e asimilación de hábitos e ideas que o capacitan para se desenvolver no seu medio. A maioría dos tratados médicos deste período coinciden en distinguir tres fases nesta evolución: a primeira, dende o nacemento aos tres anos, a segunda ata os sete, e a terceira, que se iniciaría nesta idade e remataría no ciclo comprendido entre os trece-catorce anos, considerado xa a adolescencia, na que o neno adquire un maior grao de independencia e desenvolvemento das súas capacidades cognitivas⁵. Outros doutores do momento como J. Eleizegui, estableceron nesa chamada “terceira infancia” a puberdade, considerada unha etapa de “expresión evolutiva física y mental y de iniciación de actividades sexuales”, na cal afloraba a función psíquica consciente. Esta terceira infancia tiña, na súa opinión, tres momentos: unha etapa na que toda actividade resultaba unívocamente da función psíquica, outra na que a formación física absorbía todas as facetas, e o tempo adicado por completo á manifestación da sexualidade⁶.

3 BORRÁS LLOP, J.M. (1996): 250.

4 A procura deste discurso formal realizouse a través do buscador da Biblioteca Nacional de Madrid, delimitando os parámetros de busca, palabras clave e marco temporal, obtendo como resultado en torno a 75 obras, das que analizamos unha ducia que abranguen diversos campos: medicina, dereito, tratados de moral e urbanidade, tendo todos eles en común o interese pola infancia.

5 Vid. SUÑER, E. (1921): 17.

6 ELEIZEGUI, J. (1929): 19-22.

Pola contra, nos números analizados do *Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra* observamos o rexistro dos nenos e nenas da cidade nos seguintes grupos: menores de un ano, de un ano a catro, de cinco a nove, de dez a catorce, e de quince a dezanove; sen unha nítida delimitación das devanditas terceira infancia e adolescencia⁷. Emporiso que esta clasificación –médica ou estadística- por idades resulta de grande interese para un breve encadramento de pormenores susceptibles de cuantificación na análise histórica. Mais, en liñas xerais, podemos afirmar que o final da infancia quedaba marcado fundamentalmente por dúas facultades: unha fisiolóxica, a capacidade de ter fillos, e outra de tipo social, a da incorporación ao mundo laboral. E anque a idade na que os nenos afrontarían ditas situacións sería diferente segundo as posibilidades económicas das familias, na meirande parte dos casos parece que os catorce anos foi a idade formalizada para o inicio do traballo, e por ende, para a incorporación do neno ao mundo adulto.

Este período da infancia inmediatamente anterior ao *ingreso do neno na madurez* acada nestes primeiros decenios do século XX unha distinguida consideración, amparada na divulgación de numerosos estudos científicos sobre a nenez, e na fundación de novas sociedades e laboratorios paidolóxicos que consideraban indispensable o coñecemento do neno para a súa educación. Gilbert Robin, un psiquiatra da época especializado na comprensión dos comportamentos marxinais durante a infancia e a adolescencia, publicaba en 1930 o seguinte:

[...] puede decirse, por primera vez después de siglos, que el niño viene a nacer, por fin, en la conciencia de los hombres [...] El esfuerzo se multiplica por todas partes. Un gran movimiento se dibuja a través del globo. Los progresos son tan grandes que estoy seguro de ello, se dirá de nuestra época que fue *el siglo del niño*⁸.

Admirador da obra de Sigmund Freud, cuxas ideas intenta promover con dilixencia, Gilbert Robin multiplica naquel entón as accións de propaganda a prol dun mellor coñecemento dos trastornos do comportamento dos nenos no fogar, convencido de que os seus “defectos” non eran inherentes aos mesmos, senon froito da enfermidade ou da mala educación. Do mesmo xeito, diversas publicacións especializadas da época confirman este acrecentamento no interese que o coidado dos infantes está a espertar en todo o mundo. A *Revista de Pedagogía* (1931) por exemplo, sinalaba unha maior preocupación cara o benestar e placidez dos nenos españois por parte das familias, e apuntaba unha listaxe referida aos dereitos dos cativos “a unha educación suficiente, a unha saúde completa e coidado médico necesario, a un fogar e vestimenta hixiénicas, á ledicia e á satisfacción, a asistires a

7 BHMP, Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra, (años 1914-1916).

8 ROBIN, G. (1933): 321. As cursivas son nosas.

espectáculos axeitados para eles, e a non presenciar escenas dolorosas, de miseria espiritual ou material”⁹. Podemos percibir polo tanto, un certo cambio cara o trato da infancia, mais tamén, un labor no que resta moito por facer, dende o Estado, dende os municipios, e dende as propias familias.

No noso intento por achegarnos aos valores que pivotan arredor da concepción da infancia nesta Galiza do primeiro terzo do século XX, amosamos a continuación os xuízos e crenzas populares sobre os nenos que a revista de alumnos do colexio para orfos de médicos *El Huerfanito* recollera en 1931:

- 1.- que las personas mayores comprendían a los niños por el hecho de que fueran niños; 2.- que el niño sólo necesitaba el ejercicio físico que se hacía en el hogar; 3.- que los trazos e inclinaciones eran heredados por el niño y ninguna educación podía cambiarlos; 4.- que la educación del niño comenzaba el día en que iba a la escuela; 5.- que el niño era insensible a las influencias del medioambiente; 6.- que los niños de una misma familia debían ser tratados de la misma manera; 7.- que el respeto a los padres debía ser inculcado con temor; 8.- que las travesuras y desobediencias eran mal intencionadas; 9.- que las obligaciones eran suficiente razón para que un niño se portara bien; 10.- que debía obedecer ciegamente a sus padres sin admitir peros ni razones; 11.- que economizar vara era echar a perder a la criatura; 12.- que la voluntad del niño debía ser cultivada; 13.- que los niños debían ser cuidados, no escuchados; 14.- que las preguntas que hacía un niño a sus padres no significaban nada y que nada se perdía si no se atendían; 15.- que el niño todavía no poseía razón...¹⁰.

De certo, este tipo de opinións revalidan a idea de que a difusión dos libros dirixidos a ensinar aos pais os principios morais que cabía esperar dunha axeitada conduta infantil dende as anovadoras doutrinas pedagóxicas, foi case imposible ante a escasa formación dos proxenitores.

Entre os temas máis reproducidos nos tratados de moral destes momentos podemos salientar: a formación moral dende o campo biolóxico; o amor, a fraternidade e a xustiza; o valor cívico, a sociedade e o patriotismo; a emoción relixiosa; o sentimento estético; ou o amor á natureza; que, nalgúns dos casos, ían acompañados de lecturas exemplares e moralexas. Entre os asuntos máis espiñosos sobresaen a educación sexual dos nenos, que debía resultar unha cuestión tabú na esfera do cotiá, tal e como deducimos da escasa presenza desta temática de entre os máis de cen artigos consultados¹¹. O que contrasta, sen embargo, coa grande importancia que a mesma adquirira no ámbito científico e pedagóxico, onde atopamos nume-

9 *Revista de Pedagogía*, n.º 109, (xaneiro de 1931): 35-45.

10 *El Huerfanito*, n.º 149, (decembro de 1931): 17.

11 Vid. «Educación sexual», *La Libertad*, 07/07/1927, p.2.

rosas referencias que se reafirman nunha mesma realidade, que os nenos, polo xeral, non eran educados nesta materia, que intentaba evitarse durante a súa infancia e adolescencia, sendo os amigos e irmáns os encargados de aconsellos nas súas primeiras experiencias libidinosas.

Durante estes anos, popularizouse tamén a publicación de numerosos tratados de urbanidade, que ofrecían aos nenos unha síntese de pautas de comportamento para todas as ocasións da vida. Moitos deles foran escritos a finais do século pasado, e a súa divulgación respondía a sucesivas reedicións sen actualizar, co inconveniente de seguirens ensinando aos nenos dos primeiros anos do século actitudes e valores anquilosados e en franca oposición aos novos aires de cambio¹².

A obra *Urbanidad. Estudio de las reglas de conducta*, publicada por primeira vez no ano 1918, sírvenos para observar algúns padróns de conduta orientados ao adestramento moral e decoroso dos nenos de clase media e alta. A súa autora, unha escritora valenciana de rancio abolengo, Isabel M^a. del Carmen de Castellví –condesa de Carlet y de Castellá-, aborda tres temas fundamentais: as virtudes que debía posuír o neno, o trato que tiña a obriga de ofrecer ás distintas persoas, e o comportamento que era convinte que interiorizara para as diferentes ocasións formuladas. Ora ben, nos apartados do libro en que se amosan as aptitudes potenciais do neno ideal observamos o fomento da amabilidade dende razóns de conveniencia: “la simpatía es la fuerza más grande y poderosa del mundo; quien logra poseerla, llega a dominar fácilmente a todos los hombres” ou “el niño que sabe sonreír oportunamente se gana fácilmente todas las voluntades”¹³; do mesmo xeito que a idea de respecto e de obediencia aos maiores apóiase en argumentos tan febles como que os adultos nunca se equivocan, inda que na beleza floren “debilidades” e “ridiculeces” propias da idade, que o neno debía “soportar con paciencia”¹⁴.

Os modelos espallados neste tipo de manuais –de urbanidade ou morais-, xeralizaron as formas correctas de actuación dos nenos en contornos arquetípicos, e gozaron dunha grande acollida na mentalidade colectiva burguesa. Porén, non podemos perder de vista a percepción que nos ofrecen á hora de abordar os diferentes construtos ou representacións da nenez, con pistas atinadas sobre o que se esperaba “formalmente” da infancia. Certamente, tiveron unha escasa aplicación na vida privada da maioría dos nenos e nenas galegos deste tempo, pero isto non impedíu, en todo caso, a práctica dalgunhas destas máximas ou que foran compartidas no fondo por moitos dos educadores da época.

12 Vid. PASCUAL DE SANJUÁN, P. (1881): *Flora o la educación de una niña*, ó MASVIDAL Y PUIG, N. (1827): *Resumen de urbanidad para niñas*, ambos publicados en 1880 e reeditados ao longo do primeiro terzo do s. XX.

13 CASTELLVÍ Y GORDÓN, I. (1918): 11-39.

14 CASTELLVÍ Y GORDÓN, I. (1918): 83.

3. *Infancia construída. As fundacións benéfico-docentes e o discurso xornalístico*

Na procura dos imaxinarios institucionalizados da nenez pontevedresa, achegámonos aos discursos difundidos dende as fundacións benéfico-docentes e nalgúns publicacións do momento, para enfrontalas no vindeiro capítulo ás experiencias vividas no cotiá, e cotexar xa que logo, a historia experimentada coa tradicional historia recibida.

Das preto do centenar de fundacións catalogadas dentro da sección de Beneficenciano Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), escollemos aquelas que mellor se adaptaban ao acoutamento temporal sinalado e que amosaban nas súas bases orientacións ideolóxicas dispares. No segundo dos casos, seleccionamos inicialmente unha decena de publicacións baixo o filtro de seren editadas en Pontevedra durante o marco cronolóxico susodito, que peneiramos en función da presenza, nos seus artigos, da nenez como tema central.


3.1. A nenez nas institucións benéfico-docentes

As escolas creadas ao amparo de Fundacións de carácter benéfico-docente eran aquelas constituídas por un ou varios individuos particulares co fin de proporcionar a ensinanza nun municipio concreto, polo xeral, o pobo natal do xeneroso doador. Éste mediante un documento fundacional deixaba disposto con total precisión nas distintas cláusulas os fins da institución, as instalacións destinadas a súa actividade, os recursos materiais e humanos cos que contaría a iniciativa, a composición do padroado, as formas de organización interna e os fondos financeiros dispoñibles. Deste xeito, na documentación consultada puidemos observar as características que reunían os establecementos destinados a este fin, o persoal docente contratado, o número de alumnos/as que asistían regularmente ás clases ou que se viran beneficiados dalgúna axuda asistencial ou escolar, o estado das contas destas institucións, etc. Con todo, tendo en conta que todas elas cumprían unha angueira educativa, o máis relevante para o noso estudo é avistar a motivación e intencionalidade destas fundacións cara a infancia segundo o imaxinario de nenez que os promotores posuían e pretendían expandir a través das mesmas.

As escolas mixtas foron con moito as máis abundantes, sen embargo, atopamos evidentes liñas disímiles entre aquelas que estableceron separación de xénero. As fundacións destinadas exclusivamente ás nenas concentraron os seus folgos nunha exhaustiva moralización que as encamiñase ao exercicio “honrado” das labores domésticas, mentres aquelas dirixidas aos nenos despregaron unha formación esencialmente práctica e de materias de inmediata aplicación e utilidade á agri-

cultura, á gandeiría e ós seus derivados, segundo as necesidades locais, alén dos oficios e artes de carpinteiro, ferreiro, zapateiro, etc. Incluso no Boletín da escola *Aurora del Porvenir*, afincada na localidade de Tomiño, unha das institucións máis anovadoras consignadas á ensinanza primaria gratuíta e de carácter aconfesional, podemos advertir a defensa destas diferenzas de xénero como un claro compoñente de modernidade¹⁵.

Figura 1. Destinatarios da docencia



Fonte: elaboración propia a partir das fundacións benéfico-docentes catalogadas no AHPP.

Na meirande parte dos casos trátase de fundacións de carácter confesional (69%), figurando nos seus estatutos a obrigatoriedade do cumprimento de normas morais e valores católicos. As restantes aparecen catalogadas como laicas e adoitan estar relacionadas con benefactores procedentes da emigración. En todo caso, a finalidade destas doazóns responde a un carácter filantrópico, o obxectivo común a todas elas era a elevación da educación e da cultura dos nenos/as do municipio natal dos respectivos fundadores:

[...] siendo objeto de la Sociedad en primer término, el que no haya en Paradela y sus contornos, quien deje de aprender a leer y contar correctamente, los Maestros de las Escuelas por ella fundadas y sostenidas procurarán a sus alumnos los siguientes conocimientos: Gramática Castellana, Aritmética, Geografía de España y Universal; Historia de España y Universal; Redacción de correspondencia comercial y privada; Sistemas monetarios y su conversión; Dibujo y Pintura; Geometría; Física; Química y nociones teórico-prácticas de Historia Natural...¹⁶.

15 Cf. AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1936-72, Escuela Aurora del Porvenir, Tomiño, "Solemnes fiestas de distribución de premios y apertura de curso escolar 1927-1828", Boletín nº 4, p. 2-7.

16 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1914-32, Escuela de Paradela, Meis, Estatutos.

A ensinanza primaria, cun 80% das fundacións, acadaba un maior número de inversións, seguida moi de lonxe, por Escolas de Artes e Oficios, de formación técnica. E, ben por existir unha instrución primaria escasa e deficitaria no ámbito rural, ou ben por querer elevar a calidade da mesma, foron as construcións de edificios escolares deste cometido as máis favorecidas polas iniciativas de beneficencia privada:

Primero: Que don Fermín Mosquera Vázquez buen conocedor de la gran importancia y trascendencia inmensa que la instrucción primaria y la educación de la niñez para la civilización y buen orden material y moral de la sociedad humana como primer fundamento, condición de la naturaleza racional, ha construido, en la villa de Caldas de Reyes un edificio de nueva planta, amplio y conforme con las exigencias de la pedagogía y de la higiene, e instalado con la oportuna autorización educativa un colegio de Primera enseñanza absolutamente gratuita, encomendándolo al Instituto de los Hermanos de las Escuelas Cristianas, fundadas por San Juan Bautista de la Salle, el cual colegio viene funcionando con la mayor regularidad y buen resultado, bajo la denominación de “Escuela de San Fermín”¹⁷.

Figura 2. Escuela Fermín Mosquera, Caldas de Rei



Fonte: AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.190.

17 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.190, 1919-50, Escuela de San Fermín, Caldas de Rei, Estatutos.

Así e todo, o ámbito de inversión educativa dos promotores non se reduciu exclusivamente á construción e sostemento das escolas, senón que puidemos constatar en moitas das cláusulas fundacionais a concesión de becas para a continuación dos estudos secundarios ou superiores por parte daqueles alumnos máis avantaxados do municipio ou que manifestasen “aptitudes extraordinarias para algún oficio o profesión”¹⁸. Nalgúns casos, estas becas de estudos estaban reservadas únicamente á carreira sacerdotal. Asemade, nas pescudas realizadas, os premios aos escolares pola constancia na asistencia ás clases e ós “oficios parroquiais” mediante o reparto de cartos e de material pedagóxico –libretas, libros instructivos, estampas...-, figuran tamén como prácticas centrais das boas intencións destes benfeitores.


Máis interesante para o noso estudo é a análise dalgúns trazos que definen a estes fundadores. O 23% das institucións analizadas foran creadas por Sociedades de Emigrantes –Escuela de Paradela, Aurora del Porvenir, Unión Hijos de Morgadanes- e un 15% por promotores emigrantes particulares que a título individual reuniran en terras americanas o capital depositado para estes centros –Manuel Vicente Moure-, co propósito de suplir nas súas localidades natais as carencias que os propios doadores emigrados percibiran dende o extranxeiro, e de cuxos testemuños podemos extraer a grande importancia que se lle conferiu á formación primaria dos nenos como forma de liberación e oportunidade de futuro para a infancia:

[...] La emigración forja de hombres idealistas, lanzó a los continentes americanos a los hijos más fuertes de estas tierras, que, arrancados cruelmente de sus hogares, llevaron sobre sus ojos la venda de la ignorancia [...] Allá en las lejanías, aleccionados por el calvario sufrido, se agruparon para sanear sus rincones nativos multitud de hermanos nuestros, los cuales, dándose perfecta cuenta de la ineptia, podredume y maldad que encerraban las actuaciones gubernativas, se dispusieron a crear un centro de enseñanza, a expensas, en muchos casos, del sustento de cada día [...] Lo poco que en la escuela le enseñaron no tenía aplicación práctica en cosa alguna, había sido un tiempo hermoso lamentablemente perdido. Sintiendo así en carne propia los efectos, lo primero que hizo fue engrosar las filas de una sociedad pro instrucción que desde allende los mares, sostiene estas escuelas. Así su hijito, que quedo en el puerto al igual que otros, con un método adecuado y cuidado en la aplicación saldría en condiciones más ventajosas para enfrentar la vida...¹⁹.

18 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.169, 1912-48, Escuela de Artes y Oficios de la Purificación de Nuestra Señora, As Neves, Estatutos.

19 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1936-72, Fundación Aurora del Porvenir, Boletín n° 5.

Figura 3. Fundadores escolas benéfico-docentes



Fonte: elaboración propia a partir das fundacións benéfico-docentes catalogadas no AHPP.

Estas escolas establecidas por emigrantes, ben a través de sociedades ou ben dende a iniciativa particular, tiveron, con frecuencia, unha certa orientación técnica, administrativa ou encamiñada cara a formación profesional. Esta fora a necesidade que os promotores experimentaran na súa condición de *desprazados*, co que encauzaron algúns dos seus esforzos á instrución de mozos emigrados aos que era preciso dotar de coñecementos de contabilidade, cálculo, linguas, xeografía comercial, artes industriais... de aplicación inmediata para os traballos no extranxeiro, e á ensinanza dos nenos e rapaces en disposición de marchar, aos que compría ofrecerlles saberes prácticos a prol de atoparen unha ocupación diferente á de simples “braceiros”²⁰.

Este tipo de fundacións impulsadas polos emigrados tiveron unha ampla aceptación entre os seus conveciños, xa que en moitos dos casos viñan a suplir as carencias tradicionais no eido educativo, aínda que ás veces adolecían das mesmas problemáticas que as escolas nacionais, aspecto que Castelao albisca coa súa mordaz ironía nesta estampa de *Cousas da Vida* na que dous vellos se refiren a un colexio público dos residentes na Arxentina: «—A escola é boa, ¡Deus o pague! ¿Pero o mestre é o mesmo que xa tiñamos?».

O tanto por cento máis elevado destas institucións –39%– corresponde ás fundacións de carácter benéfico-particular de persoas oriundas do municipio, etiqueta baixo a cal reunimos a todas aquelas fundacións cuxa documentación non especificaba a procedencia do capital. E o mesmo que nas anteriores, a localidade de nacemento ou de residencia do fundador foi a beneficiada polas doazóns, de aí que as escolas tiveran por costume apadriñar o nome do mesmo –Escuela Agustín Ro-

20 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.169, 1912-48, Escuela de Artes y Oficios de la Purificación de Nuestra Señora, As Neves, Programa educativo.

mero García, Escuela de Fermín Mosquera, Escuela Fernández González de Prada-, como acción que serviría para recordar a boa vontade daquel que cedera parte da súa fortuna a mellorar a educación da rexión.

Figura 4. Estampa de Outros Velloos



— A escola é boa. ¡Deus o pague! ¿Pero o mestre é o mesmo que xa tiñamos?

Fonte: Rodríguez Castelao, A. D. Cousas da Vida, Velloos, Vigo, Galaxia, p.37.

Nun gran número de fundacións benéficas de carácter particular adoitouse recoller o desexo, ou máis ben, a obrigatoriedade da ensinanza da Relixión Católica, xunto a calquera outro tipo de “nocións de cultura xeral” como podían ser a lectura ou as contas²¹. En moitos dos casos, o desexo do fundador era que a instrución recaese en mans dunha orde relixiosa concreta –Hermanos de la Doctrina Cristiana, Hermanas Trinitarias...-, ou que esta se elixise entre o acordo do director da escola e o Padroado, en quen recaería tamén a elección das prácticas relixiosas que rexirían os exercicios do alumnado, cando non se explicitaba directamente o nomeamento dun crego determinado.

21 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.177, 1932-64, Fundación Fernández y González de Prada, Programa educativo.

A este protagonismo das ordes relixiosas nas benéfico-docentes particulares debemos unirle o 15% das fundacións establecidas polas propias congregacións –como El Colegio de la Inmaculada de las Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul o el Asilo de Niñas de Vigo de las Hermanas Trinitarias–, e o 8% de centros pertencentes a Institucións, como o Asilo de nenos e nenas patrocinado polo Concello de Vigo, que cedeu a súa rexencia ao Salesianos.

Así, en liñas xerais, podemos afirmar que unha das primeiras razóns para erixir unha fundación benéfico-docente foi a percepción do fundador/es da necesidade de instrución dos nenos a prol da súa integración no mundo laboral, tal e como puidemos percibir maioritariamente nas fundacións das Sociedades de Emigrantes e das creadas a partires da iniciativa particular dos propios emigrados. Sen embargo, entendimos como unha segunda, a rendibilidade social da beneficencia, xa que as accións dos beinfeitores finados serían conmemoradas por sempre na memoria dos seus veciños e do municipio, e servirían en vida para distinguírense socialmente e formar parte dos grupos oligárquicos do territorio.

En canto aos mecanismos de socialización e obxectivos proclamados na documentación destas institucións, nos cales asoman algúns dos valores e expectativas asignados á nenez dende as mesmas, chamáronnos a atención, en primeiro lugar, aquelas iniciativas centradas nas ferramentas que consideraban indispensábeis para o desenvolvemento do neno na contorna social e no mundo laboral. Neste senso, advertimos claras diferencias entre ámbalas tipoloxías descritas.

As fundacións promovidas dende as Sociedades de emigrantes centran os seus intereses nunha intrucción que favoreza o libre “desenvolvemento mental e intelectual” dos cativos coa fin de dotalos daquelas ferramentas das que eles non puideran disfrutar no seu tempo, sen perderes nunca de vista unha proxección de futuro e insistindo na premura dunha ensinanza sen opresións nin fundamentos dogmáticos. O seu descubrimento no extranxeiro de novos valores sociais e políticos fixéraos partícipes da idea rexeneracionista de que sen a educación non sería posible vencer o atraso económico. Logo, non dubidan en aproveitar elementos que, malia non estaren regulamentados polas Leis Españolas, non estivesen prohibidos polas mesmas, coa fin de inculcar ás vindeiras xeracións “sentimentos nobres, usos e construíbles morais que os preparasen da forma máis convinte para a loita pola existencia”²². No programa educativo da Escola *Unión Hijos de Morgadanes*, fundada por emigrantes residentes na Plata, podemos ler o seguinte a este respecto:

Título IX. Art. 53. En los programas de las escuelas que sostenga esta asociación no podrán incluirse disposiciones que signifiquen tendencia hacia

22 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1914-32, Escuela de Paradela, Meis, Programa educativo.

la política interna de España o de los americanos, ni hacia sectarismo de cualquier índole o denominación. Art. 54. El plan de enseñanza debe concebirse de manera que prepare las inteligencias infantiles a la recepción de los conocimientos científicos y culturales necesarios en la vida moderna, y a la práctica del bien en todas las formas, sin ocupar su atención cuestiones dogmáticas, sectarias o de doctrinarismo [...]. Art. 56. La finalidad de las escuelas que cree esta asociación es hacer de los niños hombres de labor honrada y ciudadanos conscientes de sus deberes y sus derechos...²³.

Figura 5. Escola Unión Hijos de Morgadanes, Gondomar, fundada por emigrantes residentes na Plata



Fonte: AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254.

Aquelas fundacións que presentan un carácter confesional, priman os seus esforzos na conservación dos valores morais católicos no presente, ben integrándoos expresamente como parte substancial das materias de estudo, ben sistematizando certas prácticas rituais no réxime diario do centro –rezos, asistencia á Santa misa...-, cun carácter máis “tutelar” que autónomo no método de ensino.

²³ AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1933-52, Escuela Unión Hijos de Morgadanes, Gondomar, “Programa educativo”.

En segundo lugar, as normas ou cláusulas fundacionais que figuran nos regulamentos, orientadas a corrixir malos hábitos ou condutas, ou pola contra, a incentivar as boas prácticas, pónennos tamén na pista daqueles valores que se pretendían fomentar ou cambiar dende estas institucións. No que respecta aos comportamentos desexables, xa salientamos os premios á puntualidade, á asistencia ás clases e oficios parroquiais ou aos resultados académicos. Agora ben, moitas das normas inciden na importancia e necesidade do aseo e hixiene como unha parte esencial da educación a través da cal “preservar o corpo dos perigos que de seguido o ameazan”, suplicando aos pais de familia o envío dos nenos á escola “calzados, aseados e limpos”, o que parece ser indicativo da insuficiencia nos coidados dos cativos²⁴.

Asemade, son moi cuantiosas as que reclaman unha asistencia regular dos rapaces ás clases, ao seres consabida a necesidade da súa colaboración salarial ante a precariedade económica das familias:

Hay padres que teniendo dos o tres hijos en la escuela mandan por la mañana a uno, por la tarde este se queda en casa y envía al otro; esto se repite con frecuencia y resulta que ninguno de los dos aprende nada; pasan los años y ese niño llega a ser hombre sin saber lo que debiera, a pesar de haber tenido buena escuela. ¿A quién culpar? ¿Al maestro? No. ¿Al niño? Tampoco. ¿A quién entonces? A sus padres, que no han puesto los medios para que esos fuesen diariamente a la escuela [...] En muchas casas tienen la necesidad, eso bien lo comprendo de la ayuda de los pequeños para el trabajo de casa, evitándose así pagar a un jornalero; pero si eso sólo fuese una vez de tiempo en tiempo pase, pero lo triste es que ocurre en muchos niños con demasiada frecuencia y eso es un daño enorme que causáis...²⁵.

Nos boletíns das distintas fundacións deixouse constancia de que as faenas agrícolas intensivas baleiraban as escolas do medio rural, do mesmo xeito que acaecía nas vilas do litoral cos fillos máis novos dos mariñeiros. E pese ós sinalados incentivos que dende as escolas se proporcionaron para procurar a asistencia ás aulas, este foi o centro de constantes reproches por parte do profesorado, cuxas voces se alzaron tamén para acusar aos pais do pouco respaldo cara o seu labor:

[...] desgraciadamente voy a recomendarles no hagan lo que sé a ciencia cierta que suelen hacer: censurar, a la vista de sus hijos la labor del maestro sin medir las terribles y graves consecuencias que esto les puede acarrear [...] Aún son mayores las “flores” cuando el niño dice que ha estado castigado; enton-

24 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1914-32, Escuela de Paradela, Meis, Reglamento interno.

25 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1936-72, Fundación Aurora del Porvenir, “Memoria del curso 1927-28 del director del establecimiento Don José Ares Sánchez”, Boletín nº 4, p. 6.

ces se desata furiosa la lengua de alguna madre diciendo que va ir a la escuela y lo que menos va a hacer es llenar de arañazos la cara del animal del maestro; con lo cual el niño se envalentona, pierde el respeto al maestro, altera la disciplina de la escuela²⁶.

Outro aspecto a considerar é o trato que reciben os nenos nestes centros. Existen abondosos testemuños sobre prácticas represivas e dun certo perfil violento nas institucións educativas, así o atestiguan diversas noticias de prensa ou as propias estampas de *Cousas de Nenos* de Castelao, suxestivas nesta materia. Pola nosa parte, na documentación consultada puidemos percibir algunha que outra tipoloxía de castigo ao neno, como o de “permaneceren axeonllados sobre un tablado rezando ás animas” ou aumentarlle o número de exercicios, ante as posibles faltas de respecto aos maestros ou superiores. Así e todo, na meirande parte dos casos, e maiormente nas escolas benéfico-docentes de carácter aconfesional, prevalece a tolerancia e sensibilidade no que se refire ao tratamento –físico e moral- da nenez, amosando manifestamente o seu rexeitamento cara os castigos corporais:

CAPÍTULO IX. De los Maestros. Art.65.- Queda igualmente prohibido a los maestros de las escuelas, castigar a sus alumnos, pero podrán, cuando éstos se hagan acreedores a observaciones, aplicarles penitencias, ya sea duplicándoles los estudios o de otra forma que a su juicio crean adecuada para corregir los defectos motivo de éstas. Art.66. Cuando los maestros noten que algún alumno, después de ser amonestado tres veces sigue conduciéndose malamente y que su presencia en la escuela resulta perjudicial al orden y disciplina por que debe regirse ésta, podrá suspenderles por un tiempo o definitivamente [...] Único: No se admiten castigos corporales [...] CAPÍTULO ÚNICO. OBJETO DE LA ESCUELA. Artículo 9. Se concederán premios que estimulen a la perseverancia del bien y de índole puramente moral, quedando prohibido el castigo aflictivo que denigra²⁷.

3.2. A infancia na prensa

As publicacións actúan como sólidas ferramentas de transmisión de valores que nos permiten observar a imaxe que se proxectaba da infancia na Pontevedra destes momentos. Con esta intención seleccionamos catro xornais presentes na Biblioteca e Hemeroteca do Museo de Pontevedra, tres de liña editorial católica: *La Integridad*, *El Ancora* e *Progreso*, e un de liña editorial republicana: *La Libertad*; dos cales obtive-


26 Ibid., “Solemnes fiestas de distribución de premios y apertura del curso escolar 1927-1928”, Boletín nº 5.

27 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1914-32, Escuela de Paradela, Meis, Reglamento interno.

mos unha mostra representativa de artigos que tivesen como obxecto discursivo o neno: 22 artigos de *La Libertad*, 19 do *Progreso*, 6 de *El Ancora* e 5 de *La Integridad*.

Da nosa investigación extraemos que na prensa diaria non adoitaban emitirse moitas novas relacionadas coa infancia, e cando se daba o caso, a alusión aos nenos figuraba na sección de sucesos –atropelos e outros accidentes–; nos xornais *El Ancora* e *La Integridad* por exemplo, a maioría das noticias relacionadas coa infancia eran desta índole.

Figura 6. Temáticas relacionadas coa infancia na prensa confesional



Fonte: elaboración propia a partir de artigos de *La Integridad*, *El Ancora* e *Progreso*.

Dun estudo cuantitativo podemos sinalar tamén que había determinadas épocas nas que se escribían un maior número de artigos alusivos aos nenos, as máis importantes, no Nadal, a finais de decembro e principios de xaneiro, momento no que a sociedade estaba sensibilizada de xeito especial con todo o relacionado coa nenez. Da análise temática sobre a consulta dos preto de sesenta artigos das publicacións amosadas anteriormente, podemos establecer cinco grandes asuntos estreitamente vinculados á infancia: 1) a infancia como colectivo que precisa protección, 2) a infancia como colectivo ao que educar, 3) a infancia como instrumento de transmisión ideolóxica-doutrinal, 4) artigos paidolóxicos ou estudos monográficos sobre os nenos, e 5) infancia e sucesos.

Nunha procura pormenorizada en base ás diferentes liñas editoriais das publicacións, puidemos observar que nos xornais de corte católico a temática máis habitual relacionada coa infancia, tras as novas nas que o neno figuraba como protagonista dalgún suceso ou anuncio, eran aquelas que a amosaban como un colectivo desprotexido e indefenso, incidindo nas medidas de urxencia a prol da súa salvagarda como grupo vulnerable. En moitas destas noticias reclámase ao Estado, ás Corporacións, ás entidades... o emprendemento dunha campaña activa e persistente co fin de prever a delincuencia dos menores. Proclaman a necesidade

de crear en España institucións de corrección e socorro “que a un tiempo protejan y eduquen a los más débiles y enfermos, a los huérfanos y vagabundos, a los hijos de los miserables y crápulas, en una palabra, a todos los que han visto la primera luz en una atmósfera deletérea y malsana”²⁸. Agora ben, para redimir á infancia infeliz e claro está que á mocidade *infractora*, exculpouse decontino aos nenos dos seus posibles actos puníbeis e despregouse unha campaña moralizante arredor dos máis pequenos e insignificantes detalles que puidesen inducir a un ambiente de corrupción ou desatención nocivo para os máis cativos:

[...] Personas serias y hasta de excelente criterio conozco que creen impropio el ocuparse en la elección del juguete de sus hijos dejando este cuidado del niño, asesorado acaso de una sirvienta ignorante. Creo que el juguete es el primer amigo y camarada del niño y así como no consentiríamos que nuestros hijos tuvieran como compañeros de juego a un niño peligroso, perverso o enfermo, debemos cuidar mucho que un juguete, destinado a ser entretenimiento y solaz no se convierta acaso en instrumento de desgracia o de luto²⁹.

Nun número máis reducido, sobresaen aquelas noticias que se centran en subliñar actos altruístas por parte dalgunhas institucións en beneficio da nenez desamparada. Mais ao tratárense de artigos adúladores do poder establecido e do seu labor neste ámbito, o relatado resulta un mero formalismo que non afonda na realidade descrita³⁰.

De entre os eidos temáticos sinalados antes, os xornais de tendencia católica prestan un grande interese ao uso da figura do neno como vehículo de transmisión ideolóxica e moral, amosándoo como paradigma das virtudes e bondades relixiosas, ou nun mero uso conmovedor da súa imaxe para emitir apreciacións sobre prácticas populares ao seu parecer impropias ou inadmisibéis. Por unha banda, a través da nenez constrúese a estampa máis entenedora para a denuncia das inxustizas sociais: “Cada corazón puro e inocente de un niño es una morada de Dios. Y yo no sé si a Jesús le diríamos al salir de un banquete, de un cine o de un teatro... ¡Al asilo! ¡Al asilo! ¡Vaya con estos chiquillos pedigüenos y mal educados!”³¹. Doutro lado, a súa imaxe era perfecta para amosar a dexeneración de determinados valores da tradición:

[...] Que una madre teniendo mayor cantidad de leche que la que su hijo consume, dé este sobrante a otro desgraciado niño privado de su madre, lo comprendemos y lo consideramos hermoso. Pero cuando veais en los paseos

28 «La infancia desdichada», *El Progreso*, 28/08/1910, p.1.

29 «El hijo único. Cartas médicas», *El Ancora*, 5/01/1900, p.1.

30 Vid. «Los niños delincuentes», *El Progreso*, 28/03/1923, p.1.

31 «Los niños pobres», *El Progreso*, 5/01/1929, p.1.

públicos, gruesas y majestuosas nodrizas, con la cabeza ornada de cofias con largas y anchas cintas multicolores, llevando a un niño en el brazo, sabed, que la mayor parte de los casos, eso significa que hay en otro lugar un niño que sufre o está muerto y que hay además dos madres culpables: la nodriza que ha abandonado a su hijo y la que compra para su propio hijo la leche que le pertenece a otro³².

Aínda que artigos como o anterior son dos máis abundantes no que se refire a aqueles que empregan a figura do neno para difundir leccións de moralidade, non deixan de ser curiosos esoutros que, compartindo o fondo, se refiren a aspectos tan peculiares como a perigosidade dos xoguetes producidos coas novas tecnoloxías:

[...] El niño de los años de la guerra se constituía en el más genuino representante de la epoca. Hoy estos juguetes marciales han desaparecido casi totalmente. En los escaparates de las tiendas elegantes se ven reemplazados por juguetes eléctricos o científicos, cuyos nombres nos hubieran espantando hace unos años [...] Juguete útil; juguete científico, juguete sabio ¡yo te maldigo! Porque has venido a destruir la ilusión del juguete que estimula el querer, que no tiene más valor que el afectivo, mientras que tú juguete del diablo metido a inventor, haces pensar e infiltras en el niño ingenuo la petulancia del sabio que no sabe nada³³.

Foron moi limitados, sen embargo, os casos nos que atopamos artigos referentes á educación ou de carácter paidolóxico.

Nos xornais de tendencia republicana puidemos constatar unha atención preferente aos problemas de instrución pública e maxisterio, así, dentro dos temas indicados, a educación da infancia é o campo máis referido, aínda sen chegar a ser a nenez unha cuestión prioritaria. Entre os problemas máis relatados neste tipo de xornais, sobresaen as denuncias pola carencia de materiais escolares, e sobre todo, cara un método de ensino esencialmente memorístico e “pouco racional”, produtor dun rendemento académico insuficiente ou nulo nas aulas: “...Y esos métodos son los que nos llevan a creer que el niño no comprende y, lo que es peor, así es como se fomenta el horror infantil a la escuela”³⁴.

En consonancia co que vimos nalgún dos alegatos das fundacións benéfico-docentes, a falta de responsabilidade das familias na educación dos cativos tamén foi fortemente reprochada dende o seo xornalístico: “Lo que desean es verse libres de la chiquilleria que los aturde. Preferirían llevarlos por la mañana y que se los devolviesen al amanecer, aunque la educación no se viera por parte alguna”³⁵. Por

32 «Para las madres. Alimentación precaria», *El Progreso*, 19 /07/1908, p.1.


33 «La lección de los juguetes», *El Progreso*, 08/01/1922, p.1.

34 «Cuestiones de enseñanza», *La Libertad*, 01/03/1915, p. 2-3.

35 «¿Cuál es el fin principal de la escuela?», *La Libertad*, 24/02/1927, p. 1-2.

outra banda, un número non desdeñable de artigos centraron o seu contido en estudos científicos infantís, na liña das publicacións paidolóxicas que se popularizaran a comezos do século³⁶.

Figura 7. Temáticas relacionadas coa infancia na prensa aconfesional



Fonte: elaboración propia a partir de artigos de La Libertad.

En outros casos, abofé que os menos, a nenez convertíuse nun instrumento de transmisión ideolóxico-doutrinario, nunha arma de confrontación política, coa aspiración de mobilizar á xente en contra dos padróns morais propagados dende a Igrexa:

La moderna organización de los boit-scaus es netamente jesuita y reaccionaria, es sencillamente un crimen que con la infancia no se comete. Pretender que al niño, a la edad en que solamente debe pensar en juegos y alegrías, sufran el régimen cuartelario, sino es un crimen es algo peor: es matar en su nacimiento todas la ideas nobles y hermosas que el niño pudiera tener y predisponer su carácter hacia un feroz militarismo...³⁷.

4. *Infancia vivida. Albiscando ao neno*

Cada neno viviu nunha familia determinada e experimentou relacións moi diferentes cos adultos que o rodearon e coa contorna na que medrou. As relacións entre pais e fillos, entre a escola e os alumnos, co traballo, e entre os propios

36 Vid. «Psicología de la infancia», *La Libertad*, 13/07/1909, p. 3. e «El niño», *La Libertad*, 14/06/1923, p. 2.

37 «Los exploradores pontevedreses. El feudalismo y la Iglesia», *La Libertad*, 21/02/1916, p.1.

nenos, víronse influídas por diversas variables como a situación económica da familia, a formación e sensibilidade dos pais cara os nenos segundo o seu (des) coñecemento da infancia, o proceso madurativo dos cativos, a súa idade, ou a influencia que puideran exercer as persoas –familiares ou non- que conviviran e trataran co neno.

No noso desexo de achegarnos á realidade condutual da infancia, compendiamos mediante distintos testemuños algúns exemplos representativos dos modos de vida da nenez pontevedresa destes momentos. Das entrevistas que se axeitaban aos nosos requisitos cronolóxico-espaciais do Fondo HISTORGA do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, seleccionamos cinco por seren estas as máis representativas, ás que lle sumamos cinco dos relatos autobiográficos contidos no número adicado á *infancia en Galicia* da Revista Grial.

4.1. *A vida no fogar*

A arquetípica familia labrega da Galicia do primeiro terzo do século XX estaba revestida dun cuño patriarcal, en contra do mito persistente que lle confire un presunto matriarcado³⁸. No interior do fogar operaba unha estrutura de poder moi rixida, sendo o patriarca a figura hexemónica que encarnaba a idiosincrasia herdada dos seus devanceiros:

[...] Mi padre en eso no era una excepción, era, digamos así, el ambiente social de la época, el marido era el dueño y señor. Otros lo pensaban, mi padre nos decía, por ejemplo “yo os di la vida, yo os la puedo quitar”, o “cuando yo entro en casa es como si entrara Dios, mejor dicho más que Dios, porque a mi me debéis mas que a Dios”. Pero eso, ya digo... pero no era una excepción. Otros no lo decían pero lo pensaban...³⁹.

Como é perceptible neste testemuño a representatividade que tiña o patriarca xeraba unhas relacións de subordinación na comunidade familiar, onde todos os seus integrantes debían comportarse submisamente diante da súa autoridade. Así, non era de estrañar que os rapaces foran educados no sometemento e dun xeito distante. Non se lles proporcionaba a opción de poder expresar libremente o que sentían ou desexaban, senón que máis ben se lles imponía a idea do recatamento e a contención. Este trazo acentuábase nas familias acomodadas. Se recordamos, no tratado de urbanidade de Isabel Castellví eran comúns os consellos cara estas actitudes de comportamento en sociedade, con corrección acartonada e sen espontaneidade lúdica.

38 Cf. CASTRO, Xavier (2007): 355.

39 Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1906, entrevista 216, FH-AHUS.

Das memorias extraemos a sensación de que os proxenitores carecían da conciencia de que os nenos tiñan determinadas necesidades emocionais que eles debían satisfacer, e o único que semellaba importarlles era inculcar a idea de respecto. Nas relacións paterno-filiais o acatamento e obediencia primaban sobre a expresión do afecto e a comunicación instintiva, a confianza, e non digamos xa, a confianza: “...moitos padres non, non se comunicaban cos fillos, non falaban unha palabra cos fillos. Pero respecto sí, respecto había eso si...”⁴⁰.

Aínda sen entrar de cheo nesta polémica, é preciso partir da idea de que os infantes, en tanto que grupo de idade, non gozaban dunha consideración elevada. Noutras palabras, o valor dun fillo era máis económico que sentimental, a diferenza do que ocorre na actualidade. Cada familia tiña unha media aproximada de catro ou cinco nenos, o que implica que a atención que recibía cada un non podía ser moi grande. Ademais, nas clases labregas e urbanas máis humildes, as ocupacións máis intensivas no campo, na industria ou no comercio, non lles permitían aos pais atenderen sempre cumpridamente aos cativos. Ben é verdade, que se a faena o consentía, cando se trataba por exemplo de sementar ou apañar herba, ou ben de ir vender o cultivado ou o peixe, a muller procuraba levar consigo á crianza ben metidiña nunha cesta ou protexida cunha manta.

Figura 8. Familia tradicional galega



Fonte: Anderson, Ruth M. (1998): Fotografías de Galicia, 1924-1926, Santiago de Compostela, Centro Galego de Artes da Imaxe.

40 Melitina Pérez Carrero, nada en A Garda no ano 1901, entrevista 128, FH-AHUS.

Neste senso, a figura da nai resultaba máis próxima aos cativos. Nos seus primeiros anos a influencia materna era absoluta, e segundo ían crescendo, o trato coas fillas era máis estreito debido á habitual transmisión de roles. Pero cómpre recordar que o núcleo familiar galego non estaba composto soamente polos pais e os fillos, senón por unha comunidade de parentes, pertencentes a unha ou dúas xeracións. Así, dos testemuños despréndese que os nenos adoitaron atopar máis calor nos avós, que moitas veces vivían na casa con eles.

Esta distancia entre pais e fillos tivo, á súa vez, unha expresión espacial dentro do fogar. Nos medios burgueses esta separación física estaba claramente definida grazas á posesión de distintas dependencias ou espazos para os membros da prole. Nos medios populares esta división era menor por un motivo de imposibilidade, dado que as reducidas dimensións das vivendas obrigaban “ao roce físico”. Xaora, non podemos afirmar a existencia da noción de vida privada dos nenos, cando en moi rara vez se dispoñía de máis dun cuarto, ou dun leito, para o disfrute e descanso dos cativos: “...lo normal era que todos los hijos, que solían ser muchos, durmiesen hacinados en una misma habitación. Era muy difícil que dos niños pequeños estuvieran dos solos en una cama, tres y cuatro eso era lo normal, y más...”⁴¹

En canto ás actividades que regulaban a xornada dos nenos do rural, éstas distaban moito de parecerse a aquelas que os tratados de urbanidade aconsellaban para o bo desenvolvemento dos pequenos. Segundo este tipo de publicacións a xornada ideal debía comezar co aseo, seguido do almorzo, o tempo de lecer ou a escola dependendo da idade e tras o xantar, unha pequena sesta que remataría cun paseo e xogos antes da cea; inmediatamente despois iríanse a durmir. En troques disto, o neno labrego e de familia humilde comezaba a traballar moi cedo, polo que despois do almorzo e no mellor dos casos, tras facer certas tarefas no fogar, ían á escola, continuando as labores no agro ou no negocio familiar á súa volta:

[...] Si, bueno, eu fun ó colegio, e do colegio, noso pai tiña un taller, viña do colegio a aprender no taller, despois a comer, despois de comer ó colegio, despois do colegio á tarde outra vez ó taller, ó outro día continuar, antes de ir ó colegio, taller, ó ir ó colegio e antes de ir a comer, taller, pasaba polo taller para ir aprendendo, e á tarde ó volver do colegio igual, taller, e así sucesivamente varios anos⁴².

4.2. Alimentación e vestimenta

Na dieta dunha familia campesiña galega a frugalidade era a nota predominante. A alimentación estaba baseada na autoprodución, resultando decisivos os condi-

41 Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1906, entrevista n° 216, FH-AHUS.

42 Eduardo Lorenzo Quintela, nado en Vigo no ano 1916, entrevista n° 135, FH-AHUS.

cionantes localista e estacional, de xeito que era habitual a práctica de destetar aos nenos antes de saírenlle os dentes para acostumalos ben axiña a comer como os adultos: “Antes de teren dentes, xa ela lles metía na súa boca, para que se fosen acostumando, balocas de caldo sen esmagar; as sopiñas, se as querían comer, tíñanas que facer eles pola súa man...”⁴³.

Por mor desta dependencia dos recursos existentes na zona, algunhas testemuñas recordan con certo aborrecemento algúns dos alimentos máis frecuentes no seu xantar, e coinciden en cualificar esta mantenza aldeá de monótona:

[...] Y la comida, por ejemplo, era muy poco variada, solía ser abundante allí a base de pescado. El pescado era baratísimo (bis) y especies que hoy tienen ya relativamente una cotización ¡Dios mío! Para mí era un castigo cuando mi madre nos ponía de comida vieiras porque creo que costaban dos o tres una perra chica, pues a lo mejor con una docena y media de vieiras hacía comida para todos. Era muy barata ¡Ah! Pero a mí no, el sabor dulzón que tiene, así como ahora me encantan, entonces no [...] Esto en los años, pues voy a decir, los años 13, 14⁴⁴.

Xustamente, nas zonas de interior o caldo con carne de porco e verdura –repolos, nabizas, grelos e bretóns ou verzas– era a comida habitual, que nas zonas de costa completábase con peixe. Co que as sardiñas, xurelos, xardas e fanecas, vendíanse ou cambiábanse moitas veces por produtos do campo, como as espigas de millo⁴⁵.

Pero os nenos non só se alimentaban coma adultos, senón que vestían tamén de xeito semellante aos seus maiores. Non podemos dicir que existise no medio rural unha indumentaria específica para a infancia. Nas parroquias rurais os nenos vestían como os homes, con chaqueta e boina, co matiz de levaren o pantalón curto, case sempre por debaixo dos xeonllos, pero sen chegar aos nocellos. Outro tanto sucedía coa indumentaria das nenas, que semellaban, como é visíbel nas imaxes, mulleres pequenas. Amais, a roupa dos campesiños e traballadores pasaba xeralmente de pais a fillos, convertíndose a “cultura do remendo” nunha constante a prol de preservar as limitadas prendas. Logo, non é de estrañar que caesen unhas boas labazadas cando os nenos volvían á casa con algunha peza rachada ou sucia:

[...] Venían comparsas portuguesas... yo recuerdo, una comparsa del año 7, que me costó a mí una bofetada de mi padre, porque [...] fuimos al Pasa-je a recibir la tal. Pero, mientras llegaba la comparsa estábamos por allí en

43 TOBÍO MAYO, J. (1999): 610.

44 Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1906, entrevista 216, FH-AHUS.

45 POUSA ANTELO, A. (1999): 647.

la... por el fango, y tal. Y yo, con un trajecito blanco, y vine todo manchado. Cuando llegué a casa... coño, el recibimiento fue un par de bofetadas⁴⁶.

Figura 9. Nena levando leite



Fonte: Anderson, Ruth M. (1998): Fotografías de Galicia, 1924-1926, Santiago de Compostela, Centro Galego de Artes da Imaxe.

En canto ao calzado, había unhas zocas especiais para os nenos, pese a que a miúdo andaban descalzos: “Nosotros ya eramos gaviotas de otra piedra... pero lo normal era andar en invierno y verano descalcitos. Y casi siempre, además... nosotros con la misma ropa, pasábamos un frío en invierno... ¡cielo santísimo!”⁴⁷. Alén disto, os testemuños da época, xunto ás advertencias dos discursos hixienistas fanos pensar nunha grande despreocupación polo lavado e hixiene corporal nos medios populares, tanto urbanos como rurais. Mais, tal e como sinala acertadamente

⁴⁶ Alcides Alonso, nado no Brasil no ano 1898, trasladado con oito anos a Vigo, entrevista n° 108. FH-AHUS.

⁴⁷ Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1989, entrevista n° 216, FH-AHUS.

Xavier Castro, se ben a auga da traída non comezou a chegar de xeito xeralizado ata mediados do século XX, esta “cautela” no lavado non víu motivada exclusivamente pola carestía da mesma, senón pola perdurabilidade de “certas concepcións prexuíciosas que estimaban pouco recomendables as ablucións”, e que incidiron de xeito moi notable na alta mortalidade infantil da provincia de Pontevedra⁴⁸.

4.3. *Evocando a escola*

Alén do marco familiar, a escola foi o ámbito de socialización da infancia máis significativo no seu crecemento.

A xornada de estudo para a maior parte dos nenos pontevedreses comezaba en escolas rurais de primeiras letras, nacionais ou sostidas por benefactores da bisbarra. A cargo do ensino de todos os rapaces do lugar soía estar un mestre cun soldo miserable, que nun número importante dos casos pertencía a algunha congregación relixiosa. Polo común, as clases iniciábanse ás oito da mañá no inverno e ás oito e media no verán, rematando ás 11.00-11.30 h. e pola tarde comezaban ás 13.30 h. para rematar en torno ás 16.00 h, aínda que había casos nos que a xornada escolar se prolongaba a prol de facilitar aos pais a liberdade para o traballo nas fábricas e obradoiros⁴⁹.

Moitas das testemuñas coinciden en sinalar o escaso rendemento que se lles sacaba ás clases, debido ao emprego dun método de ensino pouco racional, consistente na memorización dos contidos sen unha axeitada comprensión, ao que había que sumarlle a pedagogía violenta dalgúns mestres, que atordaba e atemorizaba aos escolantes dificultando a súa aprendizaxe: “O mestre chamábase don Luís e era un home novo que sacudía unhas entusiastas e estrondosas cotenadas e que pegaba vergallazos ós nenos na cara ou onde alcanzase, cunha longa xostra abanéante e amarga...”⁵⁰. Ao mesmo tempo, a falta de espazo, imposibilitaba a separación dos cativos segundo as distintas idades, limitando máis, se cabe, a eficiencia educativa da vella escola rural.

No apartado referido ás fundacións benéfico-docentes, sinalamos a presenza nalgúns dos regulamentos da censura explícita aos castigos corporais, máis alá das alusións a outros tipos de sancións correctivas. Parece ser, que a lo menos na teoría, o castigo físico estaba acoutado, sen embargo, a meirande parte dos testemuños sinalan que a filosofía pedagóxica dominante asentábase no sádico aforismo de que *a letra con sangue entra*:

48 Vid. Boletín Oficial del Colegio Provincial de Médicos de Pontevedra (1919, 1924-1930).

49 Vid. AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1925-38, Asilo del niño Jesús de Praga, Vigo, Estatutos.

50 CELA, Camilo J. (1999): 653.

[...] Todos os días ou a maior parte deles sen razón de ningunha clase, porque estabamos todos lendo e a todos mallaba coa regra e dicíndolle o primeiro: “Estamos amasando”, en voz moi alta e ía repartindo regrazos a todos e ningún merecía castigo, tiñamos os brazos e as pernas con negróns que sempre dixemos que eran caídas...⁵¹.

Do intento de regulamentar e advertir sobre este tipo de actuacións despréndese que este procedemento disciplinario baseado nas labazadas e golpes coa regra ou coa vara debía gozar dunha ampla difusión entre os mestres. Pero, como queira que fose, algunhas destas prácticas relatadas non deixan de sorprendernos pola crueldade, á vez que pola “rareza”, das devanditas flaxelacións:

[...] Cando se enganaban ou non pronunciaban ben claro a sílaba derradeira ¡aquí foi Troial!, non lles pegaba, deixáballes ir diante, e cunha pedras que de antemán metera adrede no longo peto da súa sotana, asináballes nas canelas, e sempre con tan boa puntería que non lles deixaba un cotelo san...⁵².

A evocación da escola permítenos, así a todo, abrir unha xanela a algunhas das vivencias máis gratificantes para os rapaces. Entre outras, destacan aquelas que rememoran os xogos nos tempos de recreo: “...a la pelota, al escondite, a la jota, a la una mi mula; y las chicas juegan a la rueda. Cuando llueve, los niños y las niñas se juntan y juegan en el salón o leen revistas”⁵³, e as que recordan a satisfacción da aprendizaxe cando esta era efectiva, se cadra as menos por mor da xa mencionada inconstante asistencia dos rapaces ás clases.

4.4. Traballar para a casa

A principal razón da abstención escolar infantil foi o traballo. Considerábase natural que os nenos traballaran no campo, no taller familiar ou no mar e, por trátense de labours proporcionais ás súas forzas, semellaban aceptables e mesmo positivas para o seu crecemento. Comezaban axudando no que podían: nas tarefas do fogar, facendo recados ou acompañando ós maiores ó monte co gando: “O meu traballo era ir botar a auga, partir a leña e andar co gando. Como tiña que ir á escola chamei poucas veces ás vacas cando se labraba, era o único que tiña que ir a escola, e ía eu só”⁵⁴. Como ben exemplifican algúns dos testemuños, encargábase-lles ben cedo a rega dos prados, o transporte da auga e incluso a procura da leña no

51 FRAGUAS, A. (1999): 625

52 TOBÍO MAYO, J. (1999): 612

53 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1936-72, Fundación Aurora del Porvenir, “Composiciones de los alumnos”, Boletín nº 7.

54 FRAGUAS, A. (1999): 627.

monte, e xa máis crecidos o número e variedade das labores aumentaba: recoller as redes, cargar o peixe, axudar na malla, pisar as uvas, apañar patacas...

Un momento decisivo, que marcaba unha sorte de fronteira iniciática tiña lugar cando o neno posuía forzas dabondo para manexar a eixada, ferramenta esencial do labor agrícola. Asemade, que fora capaz de empuñar a rabela do arado, significaba que xa era quen de realizar practicamente calquera das tarefas que correspondían a un adulto. Neste senso, chamounos a atención que unha das visións máis lúcidas e críticas sobre a situación da infancia na Galicia neste período, a de Castelao nas súas *Cousas da Vida*, non reparara no traballo dos nenos no agro, o que pode resultar unha proba evidente de que ata a chegada dun cambio de mentalidade na consideración da nenez, o traballo dos menores na agricultura só moi excepcionalmente suscitou a reprobación pública.

Figura 10. Soster as ferramentas equiparábaos aos adultos



Fonte: Anderson, Ruth M. (1998): Fotografías de Galicia, 1924-1926, Santiago de Compostela, Centro Gallego de Artes da Imaxe.

Nas tarefas que realizaban nenos e nenas a partir dos sete anos, xa se ían perfilando nitidamente as diferenzas de xénero. A incerteza económica no seu futuro

sostemento e a feble rendibilidade que semellaban ter as fillas para a economía familiar, facía que o sexo feminino fose infravalorado no ámbito labrego e mariñeiro, pese a que a contribución das nenas nas tarefas do fogar e no coidado dos irmáns máis novos resultaba particularmente perentoria cando a nai tiña que ausentarse da casa.

No ámbito urbano era común que os nenos traballasen nas fábricas e en empresas ou talleres familiares, nun proceso de aprendizaxe progresivo encamiñado ao relevo xeracional:

[...] Como mi padre tenía automóviles, alternando con la escuela nos hacía ayudarle a él. ¡Oh Dios mio! ¡Cuanto aceite de motores me entró en la boca, y cuanta tierra en los ojos! [...] Porque también era cosa de entonces que los padres pusieran a los hijos aún de muy pequeñitos a hacer los trabajos más pesados. ¡vaya! Tenían obligación de hacer, para eso eran los hijos y ellos eran los padres...⁵⁵.

Figura 11. Catro anos de aprendiz sen chica



Fonte: Anderson, Ruth M. (1998): Fotografías de Galicia, 1924-1926, Santiago de Compostela, Centro Galego de Artes da Imaxe.

⁵⁵ Antonio Arenosa, nado en Vigo no ano 1989, entrevista n° 216, FH-AHUS.

Os nenos de familias máis humildes, soían entrar a servir dende moi novos nalgún fogar alleo ocupándose de faenas de todo tipo. Así tamén, outras maneiras de que os nenos das familias pobres gañasen unha paga era carrexando terra, de braceiros ou servindo de auxiliar en diferentes oficios. Na táboa de ordeamento dos salarios publicada no *Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra* apúntanse algúns dos traballos que máis contaron coa presenza dos nenos: ferreiros, albaneis, carpinteiros, canteiros, pintores, zapateiros ou sastres, nos que durante os catro primeiros anos de aprendizaxe non recibían unha cadela. Outros saían á rúa a traballar como ambulantes: de paragüeiros, barquilleiros ou vendedores de xornais.

4.5. *Cando o neno era neno*

Pese a que a maioría tiñan que traballar e ir á escola, había momentos fugaces para o lecer no que o neno era neno.

Eles mesmos fabricaban un conxunto moi variado de xoguetes: carriños de nabos, muíños de auga, arcos de madeira, tiratacos... e toda sorte de instrumentos musicais: “Leliño, o último xénito, facía hórreos cos carazos que seu pai deixaba caer, ben limpiños de grans, ó chan da cociña”⁵⁶. Os pais, os avós, ás veces algún padriño ou veciño, acordaban facer cando lles cadraba algún xoguete para os cativos, e fabricaban obxectos de madeira –barcos, carriños, animais- servíndose dunha navalla. Tamén se facían pelotas de trapo, bonecas con follatos de millo e outros xoguetes: “...Trombos e subilos, se algún deles chegaba as súas mans non eran daqueles pintados e feituquiños que se mercan nas feiras, senón dos que facía seu avó, sempre co cravo torto, coa navalla de virol, sentado ó pe do hórreo”⁵⁷.

Nas casas de maior fortuna os xoguetes eran máis abondosos e a distinción de sexo, en canto ao tipo de artello, era máis clara. Nestes lares, a madeira cedía paso ao latón, e os nenos preferían xogar con peonzas, soldadiños de chumbo ou trebellos máis novidosos, mentres as nenas divertíanse coas bonecas, os xoguetes de cociña ou os animais da casa⁵⁸. Así e todo, en moitos casos, os xoguetes de mellor feitura eran máis elementos ornamentais que instrumentos de enredo: “Yo a las muñecas las trato bien porque me gustan; pero la que tengo ahora es como si no la tuviera, pues no me dejan andar con ella porque tienen miedo que la rompa”⁵⁹.

Os xogos sociais, en grupo, tamén ocupan un lugar ben prezado na lembranza dos que noutrora eran cativos:

56 TOBÍO MAYO, J. (1999): 610.

57 TOBÍO MAYO, J. (1999): 610.

58 VÁZQUEZ, P. (1999): 666.

59 AHPP, Gobierno Civil, Beneficencia, ca. 19.254, 1936-72, Fundación Aurora del Porvenir, “Composiciones de los alumnos”, *Boletín* n° 7.

[...] Os rapaces tiñamos o noso sitio e as rapazas o seu. Nós tiñamos xogos para cada tempo, pero non lembro estacional máis que polo San Martiño, trompos ó camiño [...] Os xogos eran o trompo, a cacholiña, os botóns, a aceiteira, que che toque, que non che toque, a la vívora, vívora el rei, ran ran la pelota, a pita cega, o lipe, o zamanquiño, a saltar as bornas, á chica, as patadas, e moi rara vez, *i-usté, i-usté* (cunha xostra da rama de xesta imitando ó mestre). Cando íamos coas vacas para Chans, na vereia xogabamos á porquiña. Se había sitios onde puidésemos escondernos, xogábase ó escondite, cando conseguíamos baixar unha pola de carballo facíamos arrandeadoira que podía romper...⁶⁰.

Da narración de Antonio Fraguas infírese que case todos se realizaban ao ar libre, atopando os motivos de xogo no seu contorno. Algúns deles tiñan unha certa impronta de violencia ou agresividade como “as patadas” ou a “arrandeadoira”, namentres que outros consistían en imitar aos adultos, non as súas virtudes, senón máis ben aquelas accións máis indecorosas ou incorrectas, como exemplifica o “*i-usté, i-usté*” co que os nenos, cunha xostra da rama de xesta, imitaban ao mestre repartindo barazos. A función dos xogos era –e segue a ser– polo tanto, educativa, á vez que permitía un maior desenvolvemento físico e facilitaba a integración social.

5. **Conclusiones: medrar a comezos do século XX**

Como vimos, no mundo adulto comezaba a manifestarse a comezos do século XX unha forte consideración cara a nenez. Diversos artigos especializados, tratados de urbanidade, literatura infantil, revistas de pedagogía... subliñaban este aparente cambio de actitude; mais aparente porque os discursos eran sintomáticos pero alonxados, modelos actitudinais que non tiveron na meirande parte dos casos o seu reflexo condutual na vida cotiá dos nenos da Galiza rural.

Nas institucións benéfico-docentes analizadas descubrimos mensaxes discursivas discordes sobre a infancia galega destes momentos en función dos valores morais e a ideoloxía dos diferentes fundadores. Ese ben todas elas xurdiran da iniciativa de facilitar a instrución dos nenos, os camiños, intereses e expectativas eran diferentes.

Nas fundacións de carácter confesional, cunha vocación maioritariamente caritativa e redentoria, advertimos unha percepción estática da infancia, como suxeito estanco de recepción dos principios católicos. Non obstante, os centros financiados por emigrantes afincados en terras americanas proporcionaron dende a *experiencia*

60 FRAGUAS, A. (1999): 627.

da *necesidade* dos seus fundadores unha visión da nenez como suxeito transmisor de ideas anovadoras, encamiñadas a suplir as carencias no futuro profesional dos rapaces. Porén, despréndese das mesmas unha dobre preocupación motivadora; por unha banda, no que respecta ao neno como individuo con limitacións no seu presente, pero tamén referida ao que representa o seu futuro, é dicir, o neno como esperanza de país.

Ao mesmo tempo, o estudo da documentación destas institucións permitiunos observar aqueles hábitos ou costumes dos nenos –e da sociedade– que se intentaron corrixir desde as distintas escolas de beneficencia, e que de xeito indirecto revelan algúns dos procesos mediante os cales se forxaron as diversas actitudes cara a infancia. Desta maneira, as continuas referencias á vestimenta e á hixiene, así como á importancia da asistencia ás clases, denotan cales eran as posturas afincadas no medio social, o mesmo que as referencias explícitas á prohibición dos castigos físicos presupoñen unhas prácticas pedagóxicas duras e toleradas ata o momento. Precisamente, un momento que nos está a indicar un cambio de sensibilidade cara a nenez, a lo menos por parte daqueles que, lonxe das súas terras, intentaron sufragar unha educación libre do trato represivo e intimidatorio.

Nunha lectura en conxunto do discurso xornalístico pontevedrés sobre a nenez, podemos afirmar que o uso dos termos “*infancia*” ou “*neo*” nos textos nos que son obxecto da mensaxe adquiren unha maior carga sentimental, e serven, desta forma, de reactivo da poboación. Para elo, son perceptibles dúas visións da infancia: por unha banda, unha infancia feliz en tanto que asistida, protexida e mantida, na que o aparato xornalístico se centra en amosar o labor desempeñado dende diferentes organismos e institucións. Neste senso, a infancia pasa por conformar un imaxinario de inocencia e vulnerabilidade que necesita da atención dos adultos. A outra representación distintiva é a dunha nenez desvalida ou vítima inocente, ben pola dexeneración de valores morais tradicionais, ben pola inxustiza social obxecto de denuncia. Un enfoque xornalístico que ten unha clara intención motivadora e sensibilizadora, interesada en actuar na conciencia social.

Máis aló de ámbalas dúas visións rastrexables ao longo das diferentes proclamas xornalísticas, cabe subliñar o aumento do número de artigos referentes á infancia, que denotan unha maior preocupación da mesma a principios do século XX como suxeito activo na sociedade.

Finalmente enfrontamos estes imaxinarios de nenez institucionalizados á acción dos suxeitos, establecendo unha mediación entre a historia histórica e o vivido no cotiá a través dos recordos parciais de diferentes testemuños. Nesta realidade rememorada polos propios nenos non atopamos aquela sensibilidade cara a infancia que percibíamos nas estratexias discursivas anteriores. Poucos elementos éranlles propios ou se asociaban á nenez, a roupa era herdada, axiña participaban da

mesma comida que os adultos, e mesmo de moi novos compartían as súas responsabilidades na casa e no traballo. O neno era neno en moi contadas ocasións e case todas elas asociadas ao espallamento nas tarefas encomendadas. Xaora, describen unha infancia que medra nunha atmosfera de violencia asimilada polos cativos nas súas vivencias cotiás –presente na escola, no espazo doméstico, e no desamparo do traballo–, experiencias reais ben afastadas dos padróns que conformaban os imaxinarios sobre a nenez analizados con anterioridade.

BIBLIOGRAFÍA

DOCUMENTACIÓN CONSULTADA:

Archivo Histórico Provincial de Pontevedra: Sección Gobierno Civil (Fondos de Beneficencia).

Biblioteca e Hemeroteca do Museo de Pontevedra.

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela: Fondo HISTORGA.

PRENSA E BOLETÍNS DA ÉPOCA:

Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra (1914-1916).

Boletín Oficial del Colegio Provincial de Médicos de Pontevedra (1919, 1924-1930).

El Ancora (1900-1904).

El Huerfanito (diciembre de 1931).

El Progreso (1907-1911, 1916-1930).

La Integridad (1911-1915, 1920-1928).

La Libertad (1906-1918, 1921-1930).

Revista de Pedagogía (xaneiro de 1931).

LIBROS DA ÉPOCA:

CASTELLVÍ Y GORDÓN, I. (1918): *Urbanidad. (Estudio de las reglas de conducta)*, Barcelona, I. G. Seix y Barral Hnos.

ELEIZEGUI, J. (1929): *Biología de la edad escolar*, Madrid, Paracelso.

MASVIDAL PUIG, N. (1827): *Resumen de urbanidad para niñas*, Barcelona.

PASCUAL DE SANJUÁN, P. (1881): *Flora o la educación de una niña*, Barcelona.

ROBIN, G. (1930): *El niño sin defectos: estudio psicológico*, Madrid, Francisco Beltrán.

SUÑER Y ORDÓÑEZ, E. (1921): *Enfermedades de la infancia*, Madrid, Calpe.

FONTES SECUNDARIAS:

ANDERSON, R.M. (1998): *Fotografías de Galicia, 1924-1926*, Santiago de Compostela, Centro Galego de Artes da Imaxe.

ANDERSON, M. (1988): *Aproximación a la historia de la familia occidental (1500-1914)*, Madrid: Siglo XXI.

BREY, G. (2005): "La sociedad gallega (1874-1936)", en DE JUANA, J. e PRADA, J. (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel.

- BORRÁS LLOP, J.M. (dir.) (1996): *Historia de la infancia en la España contemporánea, 1834-1936*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales-Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- CASTRO, X. (2007): *Historia da vida cotiá en Galicia, séculos XIX e XX*, Vigo, Nigratrea.
- CUNNINGHAM, H. (2005): *Children and Childhood in Western Society Since 1500*, London, Pearson Education [1ª edición: 1995].
- CARMONA BADÍA, X. (1990): *O atraso industrial de Galicia*, Barcelona, Ariel.
- CELA, C.J. (1999): “Nenez na escola e na rúa”, en “A infancia recordada”, *Revista Grial*, 144, Vigo, Galaxia: 653-659.
- ELEIZEGUI, J. (1929): *Biología de la edad escolar*, Madrid, Paracelso.
- FERNÁNDEZ, V. (1989): *El niño y el joven en España, siglos XVIII al XX*, Barcelona, Anthropos.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2005): “Las transformaciones económicas”, en DE JUANA, J. e PRA-DA, J. (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel.
- FRAGUAS, A. (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, en “A infancia recordada”, *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia: 621-629.
- HERVÉS HERMO, J. (1999): “Providencia e Acta sobre o traballo dos nenos na industria conserveira”, en *Revista Grial*, 144, Galaxia, Vigo.
- NÚÑEZ SEIJAS, X. M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*, Vigo: Xerais.
- POUSA ANTELO, A. (1999): “Da nenez á mocidade”, en “A infancia recordada”, *Revista Grial*, 144, Vigo, Galaxia: 645-651.
- TERRÓN BAÑUELOS, A. e MATO DÍAZ, A. (coords.) (1992): *Un modelo escolar integrador y reformista: La Fundación Escuelas Selgas*, Oviedo, KRK Ediciones.
- TOBÍO MAYO, J. (1999): “O seminarista. Escolma”, en “A infancia recordada”, *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia: 610-619.
- VÁZQUEZ, P. (1999): “Un paraíso na infancia”, en “A infancia recordada”, *Revista Grial*, 144, Vigo, Galaxia: 661-668.
- VILLARES, R. (ed.) (1991): *Historia de Galicia, vol. 4. Historia Contemporánea*, Vigo, Faro de Vigo.